

Unidade 5. Comentar ditos e refráns

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Subliña as formas verbais persoais que atopes no seguinte texto.

Clara meteu a Pérez nunha bolsa, subiron ao coche e preparouse para ir á casa dos avós, á beira do mar. A viaxe semellou un martirio para o rato. O pobre mareábase con cada curva que collía o coche.

Ao rato non lle gustaba a auga salgada do mar. Cada vez que vía unha onda, saía fuxindo coma se o levase o demo, e o máximo que chegou a facer foi meter os pés na auga e poñer a remollar o rabo. A verdade é que o rato tiña unha pinta moi graciosa na praia co seu bañador e cun gorro de pel que non había quen llo fixese quitar pois, segundo dicía, trouxérao unha vez que fora a Siberia por un dente e tíñalle moito cariño.



Ana EXPÓSITO VALLE

2. Completa o cadro coas formas verbais que subliñaches na actividade anterior.

Forma verbal	Infinitivo	Conxugación

3. Subliña os infinitivos conxugados do texto seguinte.

Ao chegarmos ao xardín observamos que estaba cheo de follas, algunhas movíanse desaforadamente co vento, e outras saían despedidas voando nun remuíño tolo, ata caeren sobre o lousado da rúa para, pouco despois, emprenderen unha nova carreira.

Unidade 5. Comentar ditos e refráns

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

4. Une as seguintes palabras simples e forma palabras compostas. Pon o acento gráfico onde corresponda.

lava	man	_____
para	lapis	_____
luce	lámpada	_____
balón	vén	_____
afia	louza	_____
porta	cu	_____
curto	brisas	_____
vai	circuíto	_____

5. Completa as seguintes oracións coas palabras que formaches.

- María xoga moi ben ao _____.
- Estragóuseme o _____ de tanto afiar.
- Ten que vir Manuel a cambiar o _____.
- Vagalume é o mesmo que _____?
- Saltoume unha pedra no coche que me rompeu o _____.
- Con tanto _____ non sei se me marearei.
- O _____ non lava nada ben. Sempre quedan refugallos.
- O motivo de que a casa de Xulia ardera foi un _____.

6. Escribe o ditado.

Unidade 5. Comentar ditos e refráns

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

7. Escribe o nome dos seguintes recursos literarios.

• É unha esaxeración. Consiste en diminuír ou aumentar de maneira desproporcionada accións, calidades...

• É atribuírle calidades humanas a cousas ou seres que non o son.

• É a acción de repetir unha estrutura ou palabras semellantes.

8. Nas seguintes estrofas, atopa os recursos do exercicio anterior.

Se eu fose unha pomba branca
en vez de gato marelo,
baixaría polos tellados
e andaría polo ceo.
Concha BLANCO



Paseniño, paseniño,
vou pola tarde calada
de Bastabales camiño.
Rosalía DE CASTRO



Vai o sol na furada. Os sapos preguiceiros,
cansados baixo as pedras de estar acochadiños,
saen a tocar a fruta ás beiras dos camiños.
Xosé CRECENTE VEGA



9. Inventa unha repetición, unha personificación e unha hipérbole.
